



Concello de
OURENSE

53/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE DECEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o dous de decembro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada municipal, dona Gemma Tamargo Suárez;- ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2021.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Dar conta que polo Servizo de Patrimonio remitiuse no expediente administrativo para reclamar xudicialmente danos ocasionados en bens de titularidade municipal. Expte. 2021046182

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que polo Servizo de Patrimonio remitiuse no expediente administrativo núm. 2019036316 para reclamar xudicialmente os danos ocasionados nunha árbore sita en rúa Emilia Pardo Bazán, por importe de 669,15 euros, polo vehículo matrícula 8839 GHK, e **acordar** o exercicio das accións xudiciais procedentes.

3.- Dar conta que polo Servizo de patrimonio remitiuse no expediente administrativo para reclamar xudicialmente danos ocasionados en bens de titularidade municipal. Expte. 20210406186

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada que polo Servizo de Patrimonio remitiuse no expediente administrativo núm. 2019010237 para reclamar xudicialmente os danos ocasionados nunha sinal vertical sita na glorieta Pardo de Cela, por importe de 109,81 euros, polo vehículo matrícula 0615DRFX, e **acordar** o exercicio das accións xudiciais procedentes.



4.- Personamento do Concello diante do Xulgado de Instrución núm. 1 de Ourense en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos nas Dilixencias Previas núm. 1192/2021. Expte 2021046188

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada que o Xulgado de Instrución num. 1 de Ourense emprazou ao Concello para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos, nas Dilixencias Previas num. 1192/2021 que se seguen pola comisión dun delicto de condución baixo influencia de bebidas alcohólicas e danos en bens de titularidade municipal (farola), polos feitos ocorridos o 18 de xuño de 2021 e que constan no Atestado 654/2021, e **acordar** o personamento.

5.- Dar conta que polo Servizo de Patrimonio remitiuse expediente administrativo para reclamar xudicialmente danos ocasionados en bens de titularidade municipal. Expte. 2021046175

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que polo Servizo de Patrimonio remitiuse expediente administrativo núm. 2019014129 para reclamar xudicialmente os danos ocasionados nun espello de seguridade e nun poste sitos na rúa Lagoas, por importe de 163,03 euros, polo vehículo matrícula 7523 JPL, e **acordar** o exercicio das accións xudiciais procedentes.

6.- Dar conta que polo Servizo de Patrimonio remitiuse expediente administrativo para reclamar xudicialmente danos ocasionados en bens de titularidade municipal. Expte. 2021046177

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que polo Servizo de Patrimonio remitiuse expediente administrativo núm. 2019036315 para reclamar xudicialmente os danos ocasionados nun valo de protección de zona axardinada sita na Avda. Portugal, por importe de 638,60 euros, polo vehículo matrícula OU6237-S, e **acordar** o exercicio das accións xudiciais procedentes.

7.- Personamento do Concello diante do Xulgado de Instrución núm. 1 de Ourense en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos nas Dilixencias Previas num. 462/2021. Expte. 2021046190

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado de Instrución núm. 1 de Ourense emprazou ao Concello para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos nas Dilixencias Previas num. 462/2021 que se seguen pola comisión dun delicto de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas e danos en bens de titularidade municipal (banco de formigón sito en Paz Novoa), polos feitos ocorridos o 29 de marzo de 2021 e que constan no Atestado 6289/21, e **acordar** o personamento.





8.- Sentenza ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4180/2021. Expte. 2021046864

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza de 29 de outubro de 2021, ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4180/2021.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Supremo. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Urbanismo (Planeamento e Xestión Urbanismo), para o seu coñecemento e efectos oportunos.

9.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 60/2021, promovido por D. José Manuel, Dª Clara e D. Joaquín Vélez Latorre. Expte. 2021046951

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza de 25 de novembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 60/2021.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

10.- Sentenza ditada polo Xulgado do Social núm. 2 de Ourense, no Procedemento sobre Seguridade Social núm. 611/2021, promovido por D.ª Manuela Quiroga Pérez. Expte. 2021046867

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza de 22 de novembro de 2021, ditada polo Xulgado do Social núm. 2 de Ourense, no procedemento sobre Seguridade Social núm. 611/2021.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de suplicación por algunha das outras partes, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos para o seu coñecemento e efectos oportunos.



11.- Sentenza núm. 236/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 59/2021, promovido por D^a Nuria e D^a M^a José Nuñez Rodríguez. Expte. 2021046855

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 236/2021, de 25 de novembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 59/2021.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- Sentenza núm. 205/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 91/2021, promovido por D. Lisardo Carlos Casal Feijoo. Expte. 2021046881

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 205/2021, de 24 de novembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 91/2021.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- Sentenza núm. 209/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 17/2021, promovido por D^a Beatriz, D^a Ana M^a e D. Cesar Augusto Ruido Tabaoda-. Expte. 2021046950

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 209/2021, de 25 de novembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 17/2021.

2º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 146/21. Expte 2021046203

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 146/21 interposto por AXA SEGUROS E MARIA JOSE RAMOS HERMO contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2021 que desestimaba a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Perfecto Luis Rúa Rodríguez, no nome e representación de dona María José Ramos Hermo e de Axa Seguros Generales SA de



Seguros y Reaseguros, polos danos materiais ocasionados no vehículo marca Mazda con matrícula 3857-JFJ, a causa do mal estado da rúa Dalí o día 23 de novembro de 2017, por importe de 2.258,28 Euros. A data do xuízo está sinalada para o 11 de xaneiro de 2022.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

15.- Hoto Vivienda S.L., proxecto básico e de execución de reforma do edificio sito na rúa Doctor Maraño, 7. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021037730.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a Hoto Vivienda, S.L., con NIF B-05270392, licenza de obra para proxecto básico e de execución de reforma do edificio sito na rúa Doctor Maraño nº 7 de Ourense (con núm. de referencia catastral 3678323NG9837N0002YR), consonte ao proxecto redactado pola arquitecta María del Carmen Nieto Rivero, quen asume a dirección das obras, cun orzamento de execución material de 293.797,80 euros, e de conformidade cos informes da arquitecta municipal de 21 de outubro de 2021, co ditame da CTMPBC de 9 de xullo de 2021, co informe do arqueólogo municipal de 12 de novembro de 2021 e co informe xurídico de data 22 de novembro de 2021, dos cales se achega copia a efectos de motivación.

2.- Requerir aos solicitantes para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.



A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro. Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

16.- D. Nicanor Cid Lama, en representación da sociedade "CIMA GALICIA, S.L.", proxecto básico e de execución de reforma de local para uso comercial sita na rúa Avilés de Taramancos, 34. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021026641.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a "CIMA GALICIA, S.L.", representada por don Nicanor Cid Lama, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de reforma de local para uso comercial sito na planta baixa do inmovible número 34 da rúa Avilés de Taramancos, segundo proxecto básico e de





execución redactado polo arquitecto don Nicanor Cid Lama, quen asume a dirección da obra e cun orzamento de execución material de 16.993,83 Euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ós informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 17 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 22 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:



En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocárase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

17.- D. Tony Álvarez Jiménez, representado por "Gestasa, S.C", proxecto básico e de execución de reforma de vivenda sita na rúa Prado Lameiro, 14-4º e baixo cuberta. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021023198.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a don Tony Álvarez Jiménez, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de reforma da vivenda 4ª e da planta baixo cuberta do inmovible sito na rúa Prado Lameiro número 14, en solo urbano, segundo proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección de execución das obras o arquitecto técnico don Roberto Salgado Blanco, e cun orzamento de execución material de 54.773,99 Euros.

2.- Requerir á solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

O presente acordo tómase en base ó informe do Arquitecto Municipal de data 25 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 29 de novembro do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das





Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.



Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

18.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución para substitución de ascensor na rúa Serra Martiña, 42. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2019002426.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios C/ Serra Martiña Nº 42”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para substitución de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Serra Martiña número 42, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Miguel Angel Añel Pato, cun orzamento de execución material de 26.400,31 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal de data 4 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 26 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.





A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

APERTURAS



19.- "THOR PRIVATE QUITY SPAIN S.L."- Expediente de Aperturas 2020010891.- Licenza de obra e actividade para proxecto básico e de execución de residencia para persoas maiores sita entre as rúas Vicente Risco, números 18-20 e Ramón y Cajal, números 13-15.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a "THOR PRIVATE EQUITY SPAIN, S.L.", co CIF.- B2458319732160780, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de residencia para persoas maiores sita entre as rúas Vicente Risco, números 18-20, e Ramón y Cajal, números 13-15, consonte ó proxecto presentado e redactado polos arquitectos don Daniel González Tello e don Pedro Cardenal García, quen asumen a dirección material da obra, asumindo a dirección de execución material da obra o Arquitecto Técnico don Iván Gómez Fernández e, asumindo a coordinación en materia de seguridade e saúde o Arquitecto Técnico don Manuel López Álvarez, cun orzamento de execución material de 3.148.820,14 €, de conformidade cos informes técnicos e xurídicos emitidos ao respecto.

2.- Requerir ó interesado para que achegue o certificado final de obra, asinado polo técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, advirtíndolle que non exerza actividade en canto non obteña a preceptiva licenza de ocupación e o conforme da actuación comunicada.

O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Técnica Municipal de datas 20 e 27 de agosto e 24 de novembro do 2021; ó informe da Enxeñeira Técnica Industrial Municipal de Control Acústico de data 29 de xullo do 2021; do Oficial de Incendios do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios, Salvamento e Protección Civil de data 31 de agosto do 2021; e ó informe xurídico de data 25 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.





2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros, sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cúmprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

20.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato do servizo de comida no fogar do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2021046359)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:



1.- Acordar a prórroga do contrato do servizo de comida no fogar do Concello de Ourense, adxudicado a Alimentación Saludable Gallega SL (NIF B27831783) na data 12/12/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 01/03/2022 ao 28/02/2023).
- Prezo: 6,13 €/menú, máis 0,25 € en concepto de IVE, par un total de 6,38 €/menú.

2.- Aprobar e dispoñer o gasto correspondente ao período de prórroga, por importe de 204.160,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2022:	170.984,00 €	140.2318.22649	202100069289
2023:	33.176,00 €	140.2318.22649	202100069287

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

21.- Darse por enterada da Información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Dáse conta expresamente do seguinte Decreto de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021008890 de data 30 de novembro de 2021, de delegación temporal de funcións na concelleira dona Flora Moure Iglesias.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e corenta e cinco minutos (08h:45'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

